



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 18 DE DECEMBRO DE 2014
LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS
Concelleira
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro
D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUETE
Concelleiro

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIONS

DNA. M^a JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezaoito de decembro dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesiões o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria en funcións.

Visto o Acordo plenario de 1 de decembro de 2014, polo que se acorda o cambio da data da sesión ordinaria a celebrar polo Pleno da Corporación e correspondente ao mes de decembro.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DO 6 DE NOVEMBRO DE 2014.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DO 1 DE DECEMBRO DE 2014.

3º.- RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS PRESENTADAS CONTRA A APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA, E APROBACIÓN DEFINITIVA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS DE 11-12-2014.

4º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A CONCESIÓN DEMANIAL DE ONCE POSTOS NO NOVO MERCADO DESTA CONCELLO; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DE 10-12-2014.

5º.- ACLARACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE DATA 8 DE MAIO DE 1998 RELATIVA Á APLICACIÓN DE PARTE DO CONVENIO LABORAL DA XUNTA DE GALICIA AO PERSOAL LABORAL DO CONCELLO; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE 12-12-2014.

6º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN RELACIÓN Á CREACIÓN DUNHA TARIFA ELÉCTRICA GALEGA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE 12-12-2014.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN RELACIÓN AO APOIO ÁS PERSOAS QUE RECIBEN PESIÓNS DE ESTADOS EXTRANXEIROS; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE 12-12-2014.

B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL

8º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPREDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE OUTUBRO DE 2014.

9º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPREDIDO ENTRE O 3 E O 28 DE NOVEMBRO DE 2014

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde: Moi boa tarde a todos e a todas, damos comezo á sesión ordinaria do Pleno correspondente ao mes de decembro. A Orde do Día é a que segue:

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DO 6 DE NOVEMBRO DE 2014.

Sr. Alcalde: A primeira parte, que é a parte resolutoria, o seu primeiro punto é a aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 6 de novembro de 2014. Non sei si hai algunha alegación á acta, si non hai ningunha alegación aprobese por unanimidade.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 6 de novembro de 2014, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcrición ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DO 1 DE DECEMBRO DE 2014.

Sr. Alcalde: O segundo punto é a aprobación da acta, si procede, da acta correspondente á sesión plenaria do 1 de decembro de 2014. Algunha alegación? Ten a palabra señor Magariños. Señor Magariños, si, por favor.

Sr. Magariños Maceiras, Concelleiro do BNG: Atribúeseme unha intervención aquí na páxina 10 que eu creo que non é unha intervención miña, pero bueno, tampouco é unha cousa así maior importancia, simplemente que se comprobara si realmente era miña, aquí despois de falar o señor Blanco Carracedo creo que non é... as palabras que se poñen aí que non son miñas. Na páxina 10, creo que era unha intervención que estaban facendo o Señor Blanco Carracedo e a Señora... non sei e que eu sei que miña non era... e que a palabra do día eu creo que non intervin.

Sr. Alcalde: Moi ben, pois que se corrixa.

Sr. Magariños Maceiras: Vale, non ten maior importancia pero bueno...

Sr. Alcalde: Que se corrixa a intervención do señor Magariños.

Sr. Magariños Maceiras: Que comprobe si efectivamente é así...

Sr. Alcalde: Na terceira intervención, na páxina 10, moi ben. Aclarada esta cuestión, procedemos... non sei si hai algunha outra alegación, apróbase con esa modificación por unanimidade.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 1 de decembro de 2014, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

3º.- RESOLUCIÓN DE RECLAMACIONES PRESENTADAS CONTRA A APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA, E APROBACIÓN DEFINITIVA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS DE 11-12-2014.

Sr. Alcalde: O punto número terceiro é a resolución de reclamacións presentadas contra a aprobación provisional da modificación da Ordenanza reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica e a aprobación definitiva, segundo Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas do 11 de decembro de 2014. Para explicar esta cuestión ten a palabra o Concelleiro de Facenda D. Alberto Blanco.

Sr. Blanco Carracedo, Concelleiro de Facenda: Boas noites, tralo acordo provisional da modificación do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica acordada no Pleno de 2 de outubro de 2014 e dentro do período de exposición pública, presentouse por D. Román Agra Márquez unha reclamación, unhas alegacións a esta modificación do Imposto de Vehículos. Ben, tras levala a Comisión Informativa, que foi determinada favorablemente, conscientes da oportunidade que nos dou a reclamación, reclamación que estaba basada no sentido de que non quedaba debidamente claro que se puidese acoller á bonificación durante o ano 2015, danos a oportunidade de facer a aclaración correspondiente e ir un pouquiño máis alá, incluso máis alá da proposta que facía o Partido Socialista no seu momento, de que desde o ORAL se lle notificase a cada un dos posibles beneficiarios, e tomouse a decisión ante a posibilidade que nos da a xestión do ORAL, de que se faga de oficio eliminar o carácter rogado que tiña este imposto aplicando de oficio en base os listados da Dirección Xeral de Tráfico, proceder á bonificación de todos aqueles vehículos que teñen máis de 25 anos, que teñen 25 anos cumpridos en fecha 31-12-2014. De esta forma modifícase sobre todo o apartado a) do artigo 6, co cual queda xa recollido que de oficio polo órgano xestor se faga aplicación desta bonificación.

Considerase entón a estimación da alegación presentada e a nova redacción que basicamente solo varía ao tipo de cambiar o carácter rogado por aplicarse de oficio.

Sr. Alcalde: Moi ben señor Blanco. Algunha intervención? Bueno, aclarar para rematar este debate que é unha aposta, unha bonificación establecida tendo en conta... bueno, pois a singularidade que tiña o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica na Estrada, que era dos poucos Concellos onde esa bonificación se producía vehículos históricos a partir dos 30 anos, e entendíamos que, ademais así nolo fixo saber un grupo importante propietarios de vehículos históricos, que non parecía razoable que fosemos un dos poucos Concellos que tuvesemos esta cuestión nos 30 anos, e tomouse o acordo de iniciar o trámite. Vai a afectar aproximadamente a uns 800 vehículos na Estrada, e só a bonificación dos 25-30 anos, e estipulamos que pode afectar a outros tantos casi o feito de que este Imposto, a solicitude da bonificación pase de ser unha solicitude rogada a unha solicitude automática, porque hai moitos vehículos que, aínda tendo máis de 30 anos, os seus propietarios non solicitaron a súa bonificación, e neste

caso a decisión de calado que se toma neste trámite e que tódolos vehículos polo feito de ter os 25 anos na data 31 de decembro de 2014 e así sucesivamente tódolos anos, van a pasar de forma automática a ser bonificados por antigüidade no Imposto de Vehículos e pasarán a estar exentos de impostos. E, como dicía, afecta de forma directa xa entorno a 800 vehículos e vai a supoñer unha diminución na recaudación municipal de entorno a 80.000 euros, polo tanto creo que é unha cuestión non menor e un esforzo importante que está facendo o Concello na política de recorte e redución da carga fiscal nos nosos contribuíntes e, ademais, de forma indirecta tamén vai a afectar a esos veciños que non tiñan solicitada a súa bonificación, porque non o fixeran de forma expresa e se lle vai a aplicar de forma automática a partir do 1 de xaneiro non?; así que creo que é unha moi boa noticia e ademais creo que vai a permitir que entorno a máis de 100.000 euros que deixa de recaudar o Concello pois queden nos petos dos cidadáns e eso permita tamén rebaixar a carga fiscal dos nosos veciños non?.

Non sei si hai algunha cuestión. Pois procedemos a votar este asunto, votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase por unanimidade.

Finalmente, adóptase, por unanimidade, o seguinte ACORDO:

Visto o expediente da modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, onde constan o Acordo plenario de aprobación provisional de data 2 de outubro de 2014, os anuncios preceptivos e a presentación dunha única reclamación no prazo de exposición ao público,

Examinada a reclamación subscrita o 19 de novembro seguinte por D. Román Agra Márquez en contra do mencionado Acordo.

Visto o informe do Técnico de Administración Xeral de Intervención de data 5-12-2014.

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda para estimar a dita reclamación e suprimir o carácter rogado da bonificación por causa de antigüidade dos vehículos, en aras dunha xestión máis operativa do beneficio fiscal.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas de 11-12-2014.

De conformidade co disposto nos artigos 95.6 c) e 15 e seguintes do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e demais normativa aplicable.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Estímase a reclamación presentada por D. Román Agra Márquez contra o acordo plenario do 2 de outubro de 2014, de aprobación provisional de modificación da Ordenanza do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

Segundo.- Apróbase definitivamente a modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica nos termos que se transcriben de seguido:

“Artigo 6. Establécense as seguintes bonificacións das cotas establecidas no artigo 5.2 desta ordenanza:

a) Unha bonificación do 100 por cento ao respecto dos vehículos cualificados de históricos ou que teñan unha antigüidade igual ou superior a 25 anos, a partir da data da súa fabricación ou, se esta non se coñecera, a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

Esta bonificación será aplicada de oficio polo órgano xestor de acordo cos datos rexistrados na Dirección Xeral de Tráfico acerca da antigüidade do vehículo ou da súa consideración como histórico.

b) Unha bonificación do 50 por cento respecto dos vehículos eléctricos, de biodiesel ou movidos por hidróxeno, durante os cinco anos naturais contados dende a data de primeira matriculación do vehículo.

Para gozar desta bonificación os interesados deberán instar a súa concesión presentando a ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalgunha daquelas categorías. As solicitudes resolveranse pola Xunta de Goberno Local ou órgano que, por delegación do Concello, teña atribuída a xestión tributaria, e as concesións terán efecto a partir do primeiro día do período impositivo seguinte ao da solicitude, ou ben dende a primeira adquisición do vehículo sempre que a solicitude se presente no momento da declaración de alta no padrón.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación o de decembro de 2014, entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2015 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas. “

4º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A CONCESIÓN DEMANIAL DE ONCE POSTOS NO NOVO MERCADO DESTA CONCELO; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DE 10-12-2014.

Sr. Alcalde: O punto número cuarto é o expediente de contratación para a concesión demanial de 11 postos do novo Mercado deste Concello, segundo Ditame da Comisión Informativa de Promoción Económica do 10 de decembro de 2014. Para tratar este asunto ten a palabra o Concelleiro delegado de Industria, D. Óscar Durán.

Sr. Durán Barros, Concelleiro de Industria e Comercio: Ben, boas noites a todos. Bueno, como se dí, se traen estes plenos a... bueno, perdón, estes pliegos ao Pleno para a súa aprobación de 11 postos, no que o máis salientable, penso eu, son os 10 euros de partida de metro cadrado, e bueno... debatidos como se sabe en dúas Comisións onde se aportaron certos criterios para que foran o máis equitativos posibles e axeitados para intentar pois... dotar a esa Plaza de Abastos de ocupación total non?. Nada máis gracias.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas gracias. Algunha intervención? Ten a palabra Señora Louzao.

Sra. Louzao Vieites: Ben, en efecto, tal e como manifestamos nas Comisións, notamos... vimos a necesidade de facer unhas certas melloras, algunhas si se contemplaron, pero examinando a última proposta que se levou a Comisión dende logo consideramos que existe un certo vacío legal na situación na que queda de non concederse neste primeiro momento e neste primeiro prazo a concesión administrativa dos 11 postos, e non se garante, non se dí, non se especifica que sucede nese suposto, é dicir supoñemos que nestos momentos económicos a xente vai a estar interesada en ocupar esos postos, vai optar a esta concesión administrativa, pero que pasa si non sucede? É dicir, non se dí, non se regula ese procedemento, por tanto quedaría un certo vacío legal, polo que entendemos que sería necesario deixar enriba da mesa estos pregos para poder encubrir

esta situación e, polo tanto, de seguir a diante co mesmo vamos a manter a nosa abstención da Comisión.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas gracias Señora Louzao Ten a palabra Señor Magariños.

Sr. Magariños Maceiras: Si, queda... coincidimos coa portavoz do Grupo Socialista en que queda coxo este pliego de condicións no que respecta en caso de que non se cubran que vai a suceder, debíase traballar un pouquiño mais este documento, pero bueno, como tamén botaremos e absterémonos se non se mellora a redacción do mesmo.

Sr. Alcalde: Moi ben, pois creo que este tema e esta cuestión xa foi debatida, como comentaba o Concelleiro e aportaban en dúas Comisións Informativas na que bueno... se fixeron certas apartacións que se pasaron aos servizos xurídicos quen foi, evidentemente, quen fixo e quen traballou na elaboración deste pliego. É unha concesión... un pliego de concesión demanial un tanto complexo, pero eu creo que se fixo un bo traballo e sempre partindo da base do criterio que se lle trasladou desde o Goberno Local de intentar rebaixar ao máximo posible o custo de acceso dos novos emprendedores que queiran poñer en marcha os seus negocios no novo Mercado e, como decía, pois... intentar rebaixar ao máximo posible ese custo para potenciar e dinamizar un proxecto como é o proxecto do novo Mercado e a Plaza de Abastos, que creo que, bueno, pois vai a ser unha iniciativa e unha porta aberta aos emprendedores e ás persoas que queiran pois traballar ou que queiran poñer en valor algo tan importante, como é para nós, que é o noso agro, o noso campo e o sector primario non?. Creo que é un escaparate extraordinario, e non solo o que afecta a estes postos que se van a licitar agora, a estos 11 postos que, de feito nesta semana xa houbo moitas persoas que fixeron unha visita guiada interesados en coñecer as instalacións do novo Mercado, sinón tamén para esas bancadas que, digamos que están distribuídas en tres grandes espazos: os postos pechados que son os que saen a licitación agora, sos cuales se construíron 14, dos 14 construídos 3 xa teñen unha concesión en vigor e 11 salen agora en licitación; despois temos as bancadas de peixe que están na parte central e, despois, temos zona de produtos frescos (frutas e hortalizas) que tamén teñen o seu espazo concreto que se sacará tamén e se contratará para intentar buscar a ocupación total de ese novo espazo non?.

Creo que, como comentaba ben o Concelleiro, o precio de saída é un precio máis que razoable para o cambio e a inversión que se fixo con fondos públicos nese edificio, e esperemos ademais que esto xa colla pulo definitivo e, antes de fin de ano, poidamos ter os trámites todos finalizados para que poidamos empezar o novo ano xa con esa oferta que presenten os licitadores, e, a partir de aí, a ocupación do novo Mercado é o desmantelamento... é eliminar esa praza provisional do seu entorno e rematar as actuacións de mellora que se están producindo nese entorno das rúas, dunha zona tan importante no noso casco urbano. Así que esperemos que esta sexa o inicio xa da tramitación administrativa e a posta en marcha e funcionamento dese ambicioso proxecto.

Procedemos a votar. Votos en contra?, abstencións? (Bloque e Partido Socialista), a favor?. Apróbase por maioría.

Finalmente, adóptase polos votos a favor do PP (11) e as abstencións do PSdeG-PSOE (9) e BNG (1), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 14-11-2014, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto o expediente de contratación para a concesión demanial de once postos do Novo Mercado deste Concello, iniciado por Providencia do Sr. Alcalde de 17-10-2014, que serviu tamén de xustificación da solución contractual proposta.

Atendido que consta no mesmo:

- Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.
- Informe de Secretaría de 11-11-2014, sobre os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal con data 25-11-2014.

Visto o ditaminado na Comisión de Promoción Económica celebrada o 28-11-2014, polo que se acordaba corrixir o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, as cales se incorporaron, unha vez modificadas, ao expediente.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Promoción Económica de data 10-12-2014.

Visto o disposto no artigo 22.9 do Regulamento da Praza de Abastos, publicado no BOP de data 22-06-2011, no que se indica que a concesión, declaración de caducidade e a rescisión das concesións deberá facerse polo Pleno, órgano de contratación deste Concello.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación para a concesión demanial de once postos no Novo Mercado deste Concello.

Segundo.- Dispoñer a apertura do procedemento de contratación, de acordo co disposto no artigo 93 da Lei 3/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, o cal dispón: *“O outorgamento de concesións sobre bens de dominio público efectuarse en réxime de concorrència”*.

O expediente tramitarase por procedemento aberto, de acordo co artigo 157 de TRLCSP, e tramitación ordinaria, segundo o establecido no artigo 109 do TRLCSP.

Terceiro.- Designar como responsable do contrato ao Concelleiro de Promoción Económica.

5º.- ACLARACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE DATA 8 DE MAIO DE 1998 RELATIVA Á APLICACIÓN DE PARTE DO CONVENIO LABORAL DA XUNTA DE GALICIA AO PERSOAL LABORAL DO CONCELLO; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE 12-12-2014.

Sr. Alcalde: O punto número quinto é a aclaración do acordo plenario de data 8 de maio de 1998, relativo á aplicación de parte do Convenio laboral da Xunta de Galicia ao persoal do Concello, segundo Ditame da Comisión de Organización, Persoal e Asuntos Xerais de 12 de decembro de 2014. Para tratar esta cuestión ten a palabra o Concelleiro delegado D. Alberto Blanco.

Sr. Blanco Carracedo, Concelleiro de Facenda: Ben, o asunto que se trae sobre a mesa é simplemente unha aclaración e fixación de oposición para reafirmarse este Pleno no acordo que tomou no 20 de

abril do ano 98, en relación á aplicación de parte do Convenio laboral da Xunta ao persoal laboral do Concello. Este acordo no seu momento foi motivado pola diferenza que existía entre as cláusulas do contrato de determinados traballadores que tiñan recollido no seu contrato laboral unha cláusula que permitía a actualización de trienios, mentres que outro grupo de traballadores non tiñan esta cláusula, co cual non se lle podía facer actualización de trienios; O motivo... este motivo fixo que por parte do Pleno se tomase unha decisión para poder igualar as condicións dos traballadores e así se fixo por medio do acordo, aplicando parte do Convenio laboral da Xunta de Galicia.

Ben, durante 15 anos esto foi unha situación pacífica, pero tras unha sentenza, recente sentenza do Tribunal do Social, xunto cunha serie de reclamacións presentadas agora por outros traballadores que van máis alá do que é a letra e o espírito deste acordo, simplemente o que se pretende é fixar cal vai a ser a posición do Concello a partir de agora e que non supón en ningún momento modificación algunha nin do acordo plenario do ano 98, nin das condicións laborais dos traballadores, non supón ningún plus, ningún minux para as condicións laborais que viña recollido, simplemente fixar a posición de que, tal como se di no título, é aplicación de parte do Convenio, no contido fálase unicamente dos trienios como motivo do acordo, fin do mesmo, e finalmente se acaba decindo que se aproba tal e como se atopa redactado este acordo. Simplemente, a estes efectos, se trae a este Pleno para facer esta aclaración e proceder á súa votación.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas gracias señor Blanco. Algunha intervención?. Pois en representación do Partido Socialista ten a palabra a Sra. Belén Louzao.

Sra. Louzao Vieites: Moi ben, gracias Sr. Alcalde. Ao respecto deste punto, dicir xa que non podemos compartir a proposta que realiza o Sr. Concelleiro, posto que, si ben é certo que o acordo do 98 fala de aplicación de parte do Convenio, se refire con eso á aplicación dos Capítulos 6, 7 e 8 como se recolle na literalidade do texto que se debate nese Pleno. Ademais se di que se aplicará tal e como se atopa redactada, e o que di aí é que se aplicarán esos Capítulos salvo no salario base e nos trienios, que se axustarán á contía, se vamos a ver esos capítulos o convenio laboral do personal da Xunta de Galicia, vemos que nos falan sobre as xornadas, sobre o horario, as condicións económicas e entre elas se recollen outros complementos, complemento de singularidade, de funcións, etcétera, etcétera. Polo tanto, tal e como se dicía no 98, a discriminación que se intentaba superar é a discriminación entre os laborais, aos que se lles aplicaba o Convenio da Xunta e aos que non, os que o tiñan recollido e os que non, polo tanto, superando e entendendo o espírito de superar esa discriminación, entendemos que o que non se pode facer agora despois de que, como nos dicía o portavoz do Partido Popular, o Concelleiro de Facenda, tal e como nos dicía, existe agora mesmo unha sentenza, existe un recoñecemento por vía xudicial a un traballador que indica que si un Xulgado contemplou que se debe aplicar nos seus Capítulos 6, 7 e 8, dende logo, facer a posteriori un acordo plenario ao respecto, cando menos pódenos dar lugar a algunha preocupación sobre a súa seguridade xurídica, sobre a súa legalidade. Como xa manifestamos na Comisión neste expediente que se trae hoxe a Pleno e, que polo tanto, si se trae a Pleno é para optar a un acordo e ese acordo vai a exercer modificacións sobre o anterior, senón non se traería a Pleno; non existe un informe sobre a legalidade da decisión que se pretende adoptar por parte de Secretaría, non existe informe de Intervención ao respecto de como vai a afectar aos Orzamentos do Concello, e eso que se nos fala de que poden ser máis de 40, casi máis ben 50 xa, os

traballadores que poderían solicitar o mesmo. Insistindo en que si xa hai un Xulgado que recoñeceu a un traballador, cal é a razón para discriminar ao resto e non recoñecerllo?, ou cal é a razón para discriminar e a algúns aplicarlle os Capítulos completos e a outros non?, entendendo que a literalidade, tal e como nos di o acordo do 98, no que se atopa aí redactado a aplicación de parte do Convenio, e parte do Convenio son os capítulos 6, 7 e 8. Polo tanto, sabendo que na aplicación das normas laborais se deben de atender aos principios específicos do dereito laboral e que os mesmos din que aqueles acordos entre as partes, empresario-traballador, ou unilateralmente pola parte da patronal, neste caso pola parte da Administración, recoñecido neste acordo do 78, aqueles cambios que se poidan introducir aos mesmos, non deben de introducir para modificar de xeito unilateral condicións que prexudiquen aos traballadores, porque, como dicía, en función dos principios de aplicación laboral, vemos como as sentencias unha tras outra lle van dando a razón aos traballadores. Por iso, como digo, non podemos apoiar este acordo porque carecemos dese informe que nos avale a garantía legal de que o que estamos a facer é correcto, non existe, a pesar de que nós o pedimos e o grupo de goberno se nos dicía antes de iniciar o Pleno que non considerou de interese incorporalo, e, polo tanto, dende logo, non vamos a apoiar esta proposta do señor Concelleiro.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas grazias señora Louzao. Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños Maceiras: Si, pois tal e como se nos fixo chegar unha documentación para a Comisión, unha vez que o Conselleiro responsable de Facenda argumentou a necesidade de este acordo que volve a referirse aos mesmos argumentos para rectificar o acordo, está claro que aquí falta información para fundamentar un voto positivo. Falásenos dunha sentenza e unha reclamación que vai en contra do espírito deste acordo que se fixo no ano 98, pero o espírito, como xa dixen máis dunha vez, son cuestións etéreas, e aquí estamos falando de papeis, faltan papeis para poder decidir se realmente é necesario rectificar este acordo ou modificar o acordo en base a sentencias que teñen ditado os Xulgados pertinentes. Faltan informes, falta outra documentación que permita ao BNG emitir un voto positivo a este punto, co cal se vai a abster na votación.

Sr. Alcalde: moitas grazias señor Magariños. Para a replica ten a palabra o Concelleiro Don Alberto Blanco

Sr. Blanco Carracedo: Ben, en todo caso en ningún momento se falou de necesidade sinón da conveniencia e fixar a postura sobre un acordo que xa esta tomado, que non require maior informe porque non se modifica en ningún dos seus puntos, nin unha coma siquera. Estamos falando de si existe unha sentenza, unha sentenza de... bueno... bastante endeble que, desde logo, non afecta ao resto dos traballadores, non afecta ao resto dos traballadores nin pode facelo, nin pode recoñecer este Concello ningún tipo de incremento salarial porque temos que ter en conta o que é a normativa presupostaria que impide o incremento da base salarial en términos homoxéneos, tanto a nivel individual como a nivel colectivo. A realidade o único que nos di é que si existen dereitos.... dereitos de novo recoñecidos pola xustiza, entón si terá obrigaón o Concello de facelo, pero non temos a capacidade agora mesmo de poder tomar decisións en ese sentido, por moito que, ao mellor estivésemos de acordo ou non, pero en este caso simplemente estamos facendo unha aclaración deste..., e fixando unha postura, e en ningún momento se está en disposición de poder recoñecer un dereito e moito menos

facер extensiva unha sentenza que ten carácter individual e que non pode ser levada a términos mais xerais,

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas gracias señor Blanco. A algunha intervención? Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Louzao Vieites: Tal e como di o señor Concelleiro, en efecto é unha sentenza individual pero, precisamente por iso, as regras do xogo son as mesmas para todos, o que non se pode facer agora é cambialo, e se o Concello, o propio Concello recoñece nunha Xunta de Goberno a aplicación de máis contido dos Capítulos 6,7 e 8 aos traballadores, non podemos agora alteralo porque é o propio Concello quen o recoñece e por Decreto de... perdón, por acordo da Xunta de Goberno fai que se apliquen eses mesmos artigos, perdón, Capítulos do Convenio aos traballadores. Por eso consideramos que facelo agora cando menos necesitaría o aval dun informe xurídico que nos permita tomar este acordo de modificación que, insistindo, si non vai a modificar nada non sería necesario tomalo, serán os Tribunais os que teñan que decidir, polo tanto non sería necesario. Non entendemos entón a necesidade de adoptar este acordo, gracias.

Sr. Alcalde: Moi ben, pois señor Magariños non sei se ten algunha intervención?. Pois para pechar este turno ten a palabra o señor Blanco.

Sr. Blanco Carracedo: Ben, simplemente aclarar que o acordo da Xunta de Goberno foi en relación a mesma sentenza e única da que estamos falando, porque non existe outra, co cal estando sentado este criterio, lóxicamente pois debería de seguirse, porque si existe unha sentenza xudicial que nos obriga a facelo, por iso foi o motivo, pero é o único caso que se da en estas circunstancias.

Sr. Alcalde: Moi ben, pois debatido suficientemente esta cuestión, procedemos polo tanto a votar esta aclaración do acordo plenario de data 8 de maio de 1998 relativo á aplicación de parte do Convenio laboral da Xunta ao persoal laboral do Concello. Votos en contra?, abstencións? (Bloque e PSOE), a favor?. Moi ben, apróbase por maioría.

(Non se aprecia no audio as intervencións)

Sr. Alcalde: Pois si queren votar en contra no... perdón ustedes se abstiveron, si queren... o seu grupo levantou a man na abstención. Se queren volver a repetir a votación pois repetímola, claro, procedemos a votar de novo, votos en contra? ,moi ben, abstencións?, votos a favor?, apróbase por maioría.

Finalmente, adóptase, polos votos a favor do PP (11), os votos en contra do PSdeG-PSOE (9) e a abstención do BNG (1), o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 01-12-2014, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto o Acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 8 de maio de 1998 que literalmente transcrito di:

“6.- APLICACIÓN DE PARTE DO CONVENIO LABORAL DA XUNTA DE GALICIA Ó PERSOAL LABORAL DO CONCELLO.- De orde da Presidencia, dáse lectura ó Pleno do ditame da Comisión de Persoal celebrada o día 20 de abril de 1998, que transcrita literalmente di:

“Dáse con á Comisión de Persoal da proposta do Concelleiro Delegado de Persoal Sr. Somoza Carbón que copiada literalmente di:

“Que do persoal laboral deste Concello algúns teñen no seu contrato a cláusula de que se rexerán en todo o no disposto no mesmo polo Convenio da Xunta de Galicia.

Sen embargo outros laborais non teñen posta esta cláusula polo que se produce unha discriminación entre este persoal, xa que ós primeiros abóanselles trienios mentres que ós segundos non.

Por iso propónse toma-lo acordo de que a todo o persoal laboral deste Concello que non se rexa por algún Convenio especial, se lle aplique mentres non se aprobe un Convenio no Concello, o capítulo VI, VII e o VIII, este último salvo no que se refire ó salario base que será fixado no correspondente contrato de cada laboral e trienios que se axustarán na súa contía ó dos grupos de funcionarios”.

A Comisión de Persoal acorda por unanimidade propoñer ó Pleno a aprobación da anterior proposta tal e como se atopa redactada”.

Non producíndose intervencións, queda aprobado o anterior ditame por unanimidade”.

Visto que, como queda perfectamente reflectido non acordo transcrito, o fin do mesmo era unicamente conseguir un soporte legal para acabar coas discriminacións existentes entre o persoal laboral no que á percepción de trienios se refire.

Visto que o Convenio do Persoal Laboral da Xunta de Galicia sufriu diversas modificacións dende a adopción do acordo plenario que nada teñen que ver co inicialmente pretendido.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, de data 12-12-2014.

ACORDAMOS:

Aclarar que a aplicación dos Capítulos VI, VII e VIII do Convenio do Persoal Laboral da Xunta de Galicia ao Persoal Laboral deste Concello se refire unicamente ao dereito á percepción de trienios por parte de todos eles, sen ter en conta as diferencias que nas cláusulas dos seus contratos poidan existir, polo que os demais aspectos regulados no citado Convenio non serán de aplicación ao persoal laboral do Concello.

6º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN RELACIÓN Á CREACIÓN DUNHA TARIFA ELÉCTRICA GALEGA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE 12-12-2014.

Sr. Alcalde: O número 6.. o punto número 6 é moción do grupo municipal do BNG en relación á creación dunha tarifa eléctrica galega, según Ditame da Comisión de Organización, Persoal e Asuntos Xerais. Para defender esta moción ten a palabra o voceiro do grupo municipal do BNG Señor Magariños.

Sr. Magariños Maceiras: Como todos sabemos, a pesar de que a xeración eléctrica leva aparelados uns moi importantes custes sociais e medio-ambientais, Galicia nunca tirou un aproveitamento directo desta actividade económica, ben ao contrario, ao estar sometida a un marco tarifario único para todo o estado, temos o prezo do KW exactamente ao mesmo prezo que pode ser unha comunidade como Madrid ou outras comunidades do estado que non xeneran un só KW de enerxía. Sen embargo en Madrid si están asentadas as empresas, bueno, digo Madrid

non porque teña unha especial manía, e que simplemente é a realidade, están asentadas as sedes sociais das empresas que están xerando a electricidade no noso país pero que están tributando nesta comunidade, co cual se están levando os beneficios, como se suele decir o churrasco é o oso e a carne, a nós nos deixan o oso e eles se están quedando coa carne. Esto esta... leva a que neste momento certas empresas non poidan ser competitivas polos costes eléctricos aos que se ven sometidos, e nestes días é o triste exemplo que temos coa ALCOA e coa ameaza de peche na empresa da Coruña. Non é de recibo que os galegos e galegas teñamos que pagar pola electricidade o mesmo prezo, como xa dicía antes, que noutras comunidades que non producen absolutamente nada. Non temos ningunha vantaxe competitiva, sen embargo temos tódolos custes ambientais e sociais asociados a este tipo de produción eléctrica. Por iso demandamos do Pleno que se tome o acordo de instar á Xunta de Galiza a demandar do goberno do estado a creación de unha tarifa eléctrica galega que, atendendo a condición de Galicia como excedentaria na produción de electricidade, rebaixe os peaxes das tarifas nun 30%, tanto para o consumo doméstico como para empresa, e os datos de que somos excedentarios na enerxía eléctrica, vemos que dende o ano 2001 ata o 2012, porque do 2013 non hai ningún dato publicado, exportamos mais do 40% da enerxía que producimos.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas gracias señor Magariños. Non sei si hai algunha intervención por parte do Partido Socialista? Non?. Por parte do Partido Popular pois creo que xa mostramos a nosa posición na Comisión Informativa e, eevidentemente, vamos a apoiar esta moción do grupo municipal do BNG en relación á creación da tarifa eléctrica galega. Así que procedemos a votar. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor? Apróbase por unanimidade.

Finalmente, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a Moción presentada polo grupo municipal do BNG que literalmente di:

“CREACIÓN DUNHA TARIFA ELÉCTRICA GALEGA

Exposición de motivos

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu Produto Interior Bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial.

A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxico dos seus recursos enerxéticos. Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de centro subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentando posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

ANO	ENERXÍA EXPORTADA
2001	46,00%
2002	37,70%
2003	41,90%
2004	38,00%
2005	26,90%
2006	32,00%
2007	33,00%
2008	25,50%
2009	37,10%

2010	37,10%
2011	30,20%
2012	40,00%
2013	O INEGA aínda non publicou os datos.

A potencia instalada fan de Galiza unha exortadora neta de electricidade como se pode comprobar na seguinte táboa:

porén, a a pesar de que a xeración eléctrica leva aparelados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado Español, ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxesdo aproveitamento dos seus recursos, mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica que se paga en Galiza inclúe peaxes de solidariedade interterritorial, como é o caso dos custos extrapeninsulares (Canarias, Baleares, Ceuta e Melilla) que, no ano 2013, foron de 1.800 millóns de euros, cantidade pagada vía tarifas eléctricas.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual aos consumidores dos distintos territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Porén, na nova Lei do Sector 24/2013s cuestiónase esa tarifa única, non con base nesas razóns de poder compensar vía tarifa os territorios que sofren os prexuízos ambientais de produciren enerxía, senón para penalizar as CCAA que impoñan impostos ambientais, ao recollerse a posibilidade -aínda sen desenvolver, da creación de suplementos territoriais onde houber impostos propios á actividade eléctrica (como en Galiza). Isto e, queda aberta a posibilidade a que en Galicia paguemos aínda a electricidade máis cara por termos actividade de xeración no propio país. Como dicíamos, fica totalmente pechada calquera posibilidade de termos unha tarifa propia que nos permita ter vantaxes en función de sermos un país produtor de enerxía, como acontece en diversos estados europeos onde existen tarifas diferenciadas por territorios.

Neste sentido, Galiza debe demandar unha tarifa máis baixa (unha redución nas peaxes do 30%), para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e tamén, para posibilitar o seu crecemento industrial.

A política sobre a tarifa eléctrica do Estado é un exemplo de despropósitos, agravado pola filosofía da reforma enerxética aprobada en 2014 polo PP que se asenta na premisa de considerar a enerxía eléctrica como un ben de consumo ordinario, suxeito exclusivamente á libre competencia e ao poder do reducido oligopolio de empresas eléctricas, no canto de considerar a electricidade un ben básico para a calidade de vida das persoas e do desenvolvemento económico, que debería estar intervido polo sector público e vetado a especulacións e negocios abusivos. Todo isto provoca que as tarifas eléctricas no Estado español sexan as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre 30 estados europeos.

Isto débese a dúas cuestións. A primeira, as peaxes ou custos fixos do sistema, poruqe nelas se recollen cantidade de conceptos que non deberían estar soportados pola tarifa eléctrica, entre eles: custos extrapeninsulares, primas de capacidade, primas carbón español, moratoria nuclear, primas renovábeis, etc..., partidas que debería estar nos orzamentos do Estado español. Sería máis xusto fiscalmente e rebaixarían o prezo final da tarifa eléctrica.

Tamén é relevante o prezo da electricidade no mercado maiorista (ou pool), que retribúe do mesmo xeito- sempre o prezo da máis cara, a todas as tecnoloxías de xeneración que funcionan en cada hora do día, sen distinguir os custos reais de produción, o que provoca uns hiperbeneficios para determinados sistema, en concreto a hidráulica e a nuclear, o que provoca unha suba artificial dos prezos.

O último exemplo desta errática política enerxética é a situación creada respecto de grandes consumidores de Galiza, grandes empresas situadas no noso país por ser a súa actividade dependente da electricidade que, durante anos se viron sometidas a continuos cambios regulatorios ditados desde Madrid, sen contar para nada cos intereses do país. Desde a supresión en 2009 da tarifa G4, que era específica para empresas como ALCOA, até a regulación do sistema de interrompibilidade, cuxo sistema de poxa anual implantado polo PP desde finais de 2013, a través da nefasta reforma eléctrica, supón un modelo perverso pola súa modernización nas súas factorías ao non teren un sistema tarifario estábel. Mesmo afecta á competencia leal, pois provoca que empresas do mesmo sector produtivo podan ter prezos moi diferentes de electricidade.

O escenario de tarifa eléctrica diferenciada, como dicíamos anteriormente, non é o único que existe en Europa ou nos USA. Tamén no caso do estado español, na actual proposta de peaxes eléctricos realizada polo Goberno central, logo dun pacto co Goberno de parte moi significativa da rede de distribución vasca, que neste caso é singular, o cal vai permitir a partir de 2015 uns prezos máis baixos para a industria de EuskalHerria, nunha rebaixa que se estima nun 15% nas peaxes e nun 12,5% no termo de enerxía.

No caso de Galiza, existen sobradas razóns para nos dotarnos dunha tarifa eléctrica propia que, ademais, evite a nosa desindustrialización.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción seguinte:

Acordo

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas nun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas.”

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, de data 12-12-2014.

ACORDAMOS:

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas nun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN RELACIÓN AO APOIO ÁS PERSOAS QUE RECIBEN PENSÍONS DE ESTADOS EXTRANXEIROS; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE 12-12-2014.

Sr. Alcalde: O punto numero 7 é a moción do grupo municipal do BNG en relación ao apoio ás persoas que reciben pensións de estados estranxeiros segundo ditame da comisión de organización, persoal e asuntos xerais do 12 de decembro de 2014. Para defender esta moción ten a palabra o voceiro do BNG o señor Magariños.

Sr. Magariños Maceiras: unha vez máis traemos a este Pleno unha moción para referirnos á problemática que rodea a emigración no noso país. Sabemos que desde o século XIX somos coñecidos pola cantidade de persoas que tiveron que emigrar fóra, volvemos outra vez a padecer esta lacra da emigración, neste caso coas persoas máis novas. Todos sabemos tamén, que moitas desas persoas emigradas son a vez retornadas a Galiza coas súas xubilacións, son beneficiarias de unha serie de pensións por parte de estados estranxeiros e este colectivo ven de recibir uns requirimentos por parte da Axencia Tributaria onde se declaran... onde se lles piden que declaren cantidades percibidas coa finalidade de percibir a regulación ou, no seu caso, formular as declaracións polo Imposto de Persoas Físicas dos anos 2008, 2009, 2010 e 2011. Isto creou unha forte resposta social porque estas persoas nunca recibiran ningún tipo de información en relación as súas obrigas de declarar as pensións percibidas no estranxeiro, existía unha total descoñecemento por parte de estas persoas, non estivo en ningún momento defraudar o fisco do estado, simplemente había un descoñecemento das súas obrigas, entre outras cousas porque unha serie de modificacións que fixeron diversos gobernos do estado converteu a estas persoas en, bueno, defraudadores, non serían defraudadores, pero si de non cumprir coas súas obrigas porque non se lle informou de que había un

cambio lexislativo non? A presión dos afectados, nomeadamente a levada a cabo pola Coordinadora Nacional de Emigrantes Retornados, conseguiu que esta problemática fose coñecida por toda a sociedade e que se introduciran unhas modificacións fiscais que se levarán a cabo a partir do 2015, un proceso de regulación que, ao fin e ao cabo, non é máis que unha maquillaxe, porque non é unha regulación total e non acaba de aclarar a situación na que se atopan estas persoas. Non podemos consentir que se lle dea unha solución cosmética para saír do paso, e estas persoas... é de xustiza que se lle dea unha solución definitiva.

Por eso demandamos do Pleno demandar do goberno do estado español a adopción urxente das seguintes medidas:

-Que proceda á modificación lexislativa para fixar un mesmo réxime de IRPF para rendas procedentes de pensións con independencia de si estas proceden dun estado ou de varios estados.

-O recoñecemento de oficio das pensións de invalidez recoñecidas nos países de procedencia coa finalidade de acreditar a excepción da tributación destas pensións.

-Solicitar información dos países de procedencia das pensións, sobre todo de Suíza, para verificar que presta accións xa están sometidas a gravame no país de orixe para evitar unha dobre imposición.

-E punto d), revisión dos convenios marco con outros países para evitar que situacións deste tipo poidan volverse a producir. E por último manifestar o apoio deste Concello aos veciños e veciñas beneficiarios de pensións percibidas no estranxeiro afectadas por reclamación da Axencia Estatal Tributaria.

(APLAUSOS)

Sr. Alcalde: Moi ben, moi ben, moitas gracias señor Magariños. Non sei si hai algunha intervención? Ten a palabra señora Louzao en representación do Partido Socialista.

Sra. Louzao Vieites: Gracias señor Alcalde, tal e como xa temos feito noutras ocasións e se ten tratado noutras mocións, dende logo manifestar, como fixemos na Comisión, o noso apoio á moción, moción que unha vez máis nos chama a atención de como estamos a funcionar como sociedade e como unhas persoas que traballaron, como dicía dende o BNG, que traballaron fora que mandaron os seus ingresos a Galicia para intentar mellorar a situación do noso país, agora se ven que ,por un defecto de información, pois asaltados nas súas economías con estos momentos de dificultade, e vemos como, si ben algunhas das sancións se pararon, existen todavía distintas situacións, existen todavía intereses e o que hai que facer e poñer unha solución definitiva, non facer un parche que nos sirva para hoxe e non para mañá, e, por tanto, apoiar esta moción pedindo que se regule adecuadamente o tema, que se incrementen dende logo as partidas polas que... se as contías polas que as pensións estranxeiras e as pensións de aquí deben de tributar do xeito que se lle está a aplicar, e posto que, en definitiva, son pensionistas que cobran a súa pensión, posto que se engaden na maioría dos casos se unen as dúas tanto a estranxeira como a nacional, por iso, manifesta unha vez mais o noso apoio ao colectivo de persoas afectadas e manifestar o apoio e a solicitude para que dende o goberno se axilice esta tramitación e se poña solución canto antes a este problema social que se creou, moitas gracias.

(APLAUSOS)

Sr. Alcalde: Moi ben. Moitas gracias Señora Louzao. Ten a palabra o señor Alberto Blanco.

Sr. Blanco Carracedo: Ben, desde o grupo Popular nada máis que mostrar o noso apoio aos retornados e á proposta feita polo Bloque Nacionalista Galego, que á súa magnífica exposición pouco comentario máis ten que facerse enriba dela.

Sr. Alcalde: Moi ben, creo que coincidimos plenamente igual que nas outras ocasións en relación a esta cuestión, creo que ademais todavía da máis forza, se cabe, un acordo unánime das tres forzas políticas con representación nesta corporación e ademais, tendo en conta que é así, non cabe máis debate que proceder a súa votación, así que pido o voto e algunha abstención. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase esta moción por unanimidade.

Finalmente, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a Moción presentada polo grupo municipal do BNG que literalmente di:

“APOIO ÁS PERSOAS QUE RECIBEN PENSIÓNS DE ESTADOS ESTRANXEIROS

Exposición de motivos

Máis unha vez queremos referir á problemática que rodea a emigración que Galiza padeceu, e continúa padecendo. Foron milleiros as persoas que se viron obrigadas a abandonar o noso país desde comezos do século XIX para procurar un medio de vida. Hoxe, persoas mozas cunha alta cualificación, tamén se ven obrigadas a facer o mesmo que fixeron os seus avós e avoas para poderen ter un traballo.

Moitas das persoas emigrantes, xa de retorno na Galiza en idade de xubilación, son beneficiarias de pensións que perciben de estados estranxeiros. Tras este colectivo recibir requirimentos da Axencia Tributaria para que declaren as cantidades percibidas coa finalidade de proceder á regulación ou no seu caso formulación da declaración sobre o imposto das persoas físicas correspondentes aos exercicios de 2008, 2009, 2010 e 2011, produciuse unha forte resposta social. Estas persoas nunca recibiron ningún tipo de información en relación coa súa obriga de declararen as contías das pensións percibidas no estranxeiro. Existía un total descoñecemento da obriga de facer esa declaración anual do IRPF, o que confirma a falta de intencionalidade de defraudar por parte destas, e que se apoia co feito de os estados pagadores nunca lles expediren ningunha certificación en relación coas cantidades percibidas.

Foi a presión que realizou con intensidade a Coordinadora Nacional de Emigrantes Retornados/as a que conseguiu que se saiba quen son os verdadeiros defraudadores e que se coñeza que houbo un trato inxusto e discriminatorio cos/coas pensionistas retornados/as. Tamén esa contestación social motivou a introdución na reforma fiscal prevista para 2015 dun “proceso de regularización” dirixido a este colectivo que, con todo, é unha solución parcial que non asegura un tratamento fiscal equitativo e non discriminatorio respecto doutras persoas que só perciben pensións de organismos do Estado español. Por iso non se pode consentir que se lle dea unha solución simplemente cosmética ás xustas demandas deste colectivo coa Axencia Tributaria por atoparnos nas vésperas dun ano de importantes envites electorais.

Son imprescindíbeis medidas reais para que a tributación das pensións de emigrantes retornados/as sexa xusta e igualitaria, que os impostos que soportan non teñan un tratamento legal diferente polo simple feito de ter desenvolvido unha parte da súa vida laboral no estranxeiro.

Por iso o grupo municipal do BNG deste concello, solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte:

ACORDO

- 1. Demandar do Goberno do Estado español a adopción urxente das seguintes medidas:*
 - a) Que proceda á modificación lexislativa para fixar un mesmo réxime do IRPF para as rendas procedentes de pensións, con independencia de se estas proceden dun estado ou de varios estados.*
 - b) O recoñecemento de oficio das pensións de invalidez, recoñecidas nos países de procedencia coa finalidade de acreditar a exención na tributación destas pensións.*
 - c) Solicitar información dos países de procedencia das pensións, sobre todo de Suíza, para*

verificar que prestacións xa están sometidas a gravame no país de orixe pra evitar a ducla imposición.

d) Revisión dos convenios maco con outros países para evitar que situacións deste tipo poidas volverse a producir.

2. Manifestar o apoio deste concello aos veciños e ás veciñas de pensións percibidas no estranxeiro afectadas pola reclamación da Axencia Estatal Tributaria.”

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, de data 12-12-2014.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Demandar do Goberno do Estado español a adopción urxente das seguintes medidas:

a) Que proceda á modificación legislativa para fixar un mesmo réxime do IRPF para as rendas procedentes de pensións, con independencia de se estas proceden dun estado ou de varios estados.

b) O recoñecemento de oficio das pensións de invalidez, recoñecidas nos países de procedencia coa finalidade de acreditar a exención na tributación destas pensións.

c) Solicitar información dos países de procedencia das pensións, sobre todo de Suíza, para verificar que prestacións xa están sometidas a gravame no país de orixe para evitar a dupla imposición.

d) Revisión dos convenios marco con outros países para evitar que situacións deste tipo poidan volverse a producir.

Segundo.- Manifestar o apoio deste Concello aos veciños e veciñas que perciban pensións no estranxeiro e afectadas pola reclamación da Axencia Estatal Tributaria.

Sr. Alcalde: O seguinte punto é a moción do Grupo.... perdón, rematamos xa coas mocións incorporadas na Orde do Día, e, antes de pasar a parte de Control da Xestión, non sei se hai algunha outra moción de urxencia que algún dos representantes dos partidos queiran presentar?. E si non hai ningunha pasamos, polo tanto, a parte de Control da Xestión.

B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL

8º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE OUTUBRO DE 2014.

Sr. Alcalde: Número 8, é a de dación de conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 31 de outubro de 2014.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 31 de outubro de 2014 e que van dende á número 1.103 á número 1.204, ambas as dúas incluídas.

A Corporación en Pleno queda sabedora.

9º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPREDIDO ENTRE O 3 E O 28 DE NOVEMBRO DE 2014

Sr. Alcalde: O punto número 9 é a dación de conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 3 e o 28 de novembro de 2014.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 3 e o 28 de novembro de 2014 e que van dende á número 1.205 á número 1.315, ambas as dúas incluídas.

A Corporación en Pleno queda sabedora.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde: O punto numero 10 é o punto de rogos e preguntas. Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Louzao Vieites: Ben, queremos facer unha serie de rogos e tamén unha pregunta en relación aos Decretos dos que se nos da conta neste Pleno, Decretos de dous meses, atopamos un deles de data 20 de outubro, no que se... sin maiores explicacións se di... se fala de recibida unha notificación de imposición de sanción por infracción tributaria ao Concello da Estrada, nos gustaría que se nos facilitase información ao respecto de a que corresponde esta sanción, entendemos da súa dificultade pero bueno... non pon máis, simplemente pon referencia numérica e polo tanto non sabemos a que se refire esa sanción por infracción tributaria ao Concello da Estrada.

E nos gustaría tamén que se... ibamos a rogalo porque xa o pedimos por rexistro e xa o pedimos de distintas maneiras no departamento, que se resolvan porque xa casi van ala 4 anos de lexislatura, que se resolvan os expedientes de vivendas de recoñecemento de vivendas preexistentes. Porque a día de hoxe todavía segue habendo veciños afectados que non recibiron nin contestación as súas solicitudes nin saben que pasou cos seus expedientes, polo tanto que se resolva, que se axilice tendo en conta que dicir axilice tres anos e medio despois, bueno e un pouco... suena un pouco a chascarrillo, pero bueno, que se resolvan estos expedientes.

E pedir tamén con respecto a outro Decreto, un Decreto de transferencia de crédito no que se da conta dunha modificación de crédito, un informe de desconformidade da Intervención municipal, un aumento para os gastos da Festa do Salmón; polo tanto queremos pedir que se nos pase relación dos gastos atribuídos a esta partida, "gastos diversos Festa do Salmón", posto que si xa nos orzamentos municipais se incrementaba a partida ata 35.000 euros, 5.000 euros máis que no ano anterior, esta transferencia de crédito a suplementa en 24.500, un 70% máis que a partida de orixe, polo tanto rogamos se nos traslade relación de gastos imputados a esta partida, moitas grazas.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas gracias señora Louzao. Darémoslle cumprida resposta a esa información nos próximos días. Señor Magariños ten vostede a palabra

Sr. Magariños Maceiras: Si, é unha pregunta. Que medidas se están a tomar por parte do goberno para arranxar os continuos cortes do subministro da auga? Un corte programado enténdeo calquera veciño, pero os reiterados fallos que se están producindo nestes últimos días na traída pois non parece moi lóxica, non é que estemos falando dun servizo polo que xa pagan os veciños, sinon que, bueno, é un servizo esencial como é a auga que todos consumimos, é imprescindible para a vida e para a propia, para vivir dignamente. E, relacionado con este punto, rogámoslle que se deixe de improvisar e se tomen medidas serias no asunto para solucionalo dunha vez. Non sei si prefire contestar ou sigo facendo

O Alcalde: Si, si, siga, continúe, si, ou se quere contéstolle. Nós sabemos, non sei si coñece vostede que un dos problemas graves que tiñamos na traída da auga, ou sigue sendo, é o tramo principal da rede de abastecemento de auga que nutre á Estrada dende Penerada, dende o depósito de Penerada ata a entrada do casco urbano pola Avenida de Vigo, atravesa a Avenida Benito Vigo e entra por Waldo Insua e fai o reparto ás distintas rúas: Avenida de América, Rúa Padrón, Avenida Benito Vigo, e despois xa enlaza co resto dos ramais do trazado de abastecemento da auga da Estrada, e é unha zona que sempre foi moi conflitiva, de feito pois unha forma de solucionar algún dos problemas que se producían de forma habitual aí, pois foi, anos anteriores, volcar un camión de hormigón nunha das curvas que facía o trazado pa que garantizara que así non volvera a romper aí. Claro, con estos métodos e con estos sistemas é bastante complicado, por non decir imposible, buscar solucións, como decía vostede, que non sexan porque... que non sexan no mesmo momento porque é bastante difícil saber o que un se pode atopar cando ca pala abre algún dos tramos dos viais públicos e se encontra auténticas barbaridades como esta na propia rede, non. Si queremos facer a actuación que se está facendo e así se fixo aproveitando a humanización da Rúa Waldo Insua e creo que, bueno, se fixo un cambio total e integral do trazado desa rede ata o entronque coa Avenida Benito Vigo e eso, bueno, provoca que, evidentemente, unha zona donde... cando había problemas de presión producía rupturas nesa zona provoca que a presión que sigue habendo na rede ao non romper en ese punto se traslade a outro punto da rede, e eso vai provocando microroturas, de feito, como ben sabe, este goberno reparou o ano pasado 35 roturas que provocaban que houbese unha fuga do caudal de auga que subministraba o depósito de Penerada aproximadamente dun 70%, o sea con esto estamos falando de datos bastante importantes, de cada 100 litros que salían do depósito de Penerada solo 30 chegaban aos domicilios, os outros 70 se iban perdendo polo camiño na rede e a través de diversas roturas non?. Ao reparar esas 35 roturas e ao facer os cambios e o reforzo en determinados puntos conflitivos, como pode entender vostede esa a presión sobre a rede aumenta e evidentemente produce algúns problemas, problemas que na súa parte importante se van resolvendo sin grandes... sin perxudicar directamente aos usuarios, de feito pois se leva traballando na rede aproximadamente de forma intensa nas últimas 48 horas sin provocar incidentes aos usuarios, ao mellor en algún punto unha... con problemas de presión pero sin graves problemas, hai momentos puntuais nos que para arranxar unha sectorización dun deses tramos, pois precisamos facer un corte que hai que resolver no momento, porque non é cuestión de, non son programables non?, intentamos facer ao máximo posible pero e difícil de calcular eso, bueno pues si eu como Alcalde teño que asumir a responsabilidade de que a rede municipal de augas faga augas, pois terei que asumilas, pero creo

que é excesivamente inxusto esa cuestión, pero si hai que asumila asumirei. E teño que decir que ante todo o persoal funcionario desta casa, como ben sabe vostede, ao servizo de augas é municipal, a xestión que se esta facendo podía ser millorable, entendo eu porque bueno non hai profesionais que poidan xestionar unha rede de auga que da servizos a máis de 6.000 usuarios, entendo que seguramente si houbera unha xestión profesionalizada nos poderían avanzar moitas cuestións das que están pasando na rede, non existen, e polo tanto bueno, temos as correspondentes complexidades á hora de poder ir resolvendo cos medios que temos os problemas que van xurdindo, non?. Creo que, ante todo, eu quero dar a cara e xustificar o excelente traballo que están facendo os operarios municipais que, fora das súas competencias e dos seus horarios, se están... fora dos seus horarios e das súas responsabilidades, se están dedicando, pois creo que a facer un traballo e unha labor importante. E nesa liña pois dar a cara por eles, dicir que están facendo o humanamente posible para resolver os problemas dunha rede de auga que ten problemas estruturais importantes e que temos que ir resolvendo e está falto, desde logo, sobre todo falto dunha inversión e un mantemento importante que se tiña que ter producido e que, desde logo, eso fai que o deterioro sexa importante en algunhas zonas, en algunhas zonas e tamén que nos teñamos obrigados a ir resolvendo sobre a marcha.

A min me gustaría, desde logo, poder ter unha previsión de cando hai unha rotura na rede, pero de momento esa capacidade inda non se me foi concedida, e, como Alcalde, de poder adiviñar cando vai romper a rede ou que problemas vai a causar non?. De momento esa capacidade non a teño e, polo tanto, pois teremos que intentar facer e resolver esos imprevistos da mellor maneira posible non?. E así se esta intentando facer.

Sr. Magariños Maceiras: Desde o BNG tamén queremos recoñecer o traballo feito polos funcionarios municipais, pero acábanos... acaba de pasar un escalofrío polo corpo cando vostede acaba de dicir que falta unha profesionalización do servizo, entonces eu dixen "ala!, xa privatizamos o servizo de auga, o que nos faltaba". Esperemos que a solución para a auga da Estrada non sexa privatizala como se privatizou o lixo, depuradoras, etcétera, etcétera. Pero bueno, esperemos que non, esperemos que... esperemos que non.

Entón, outra pregunta é cando lle ten pensado contestar á denuncia feita por un veciño de Figueroa afectado pola situación da depuradora de esta mesma parroquia?, que creo que no mes de xuño... xullo me parece, si non me falla a memoria, presentou un escrito denuncia acompañado dun informe dun técnico, non sei si era arquitecto ou enxeñeiro, onde cuestionaba duramente a situación desta depuradora. Eu creo que hai que contestarlle a este veciño que fai un escrito denuncia, de por que e si se cumpre ou si non.

Sr. Alcalde: Moi ben, pois consultarei no correspondente servizo. Como ben sabe eu tampouco, de momento, teño competencia para contestar escritos que presentan os veciños en relación a temas urbanísticos. Será o propio Departamento, consultarei en que situación está no Departamento de Urbanismo, si hai informe técnico ou informe xurídico en relación a esta cuestión e o valoraremos tan pronto esté tramitado. Por suposto que si hai eses informes, si se elaboran eses informes pois por suposto que se lle dará cumprida resposta.

Sr. Magariños Maceiras: Un rogo, si ben é certo que parte do problema que polo que fago o rogo xa se solucionou, que é a auga que presenta a rotonda das colonias, o gran manancial que por alí nacía en principio que pasei o outro día por alí, polo que me informan veciños está solucionado, pero hai, digamos, micromananciais que

están vertendo de xeito continuo nesta rotonda; é unha rotonda que presenta cando hai xeo, perigo importante porque se van os coches inda que se vaia a unha velocidade reducida, non creo que sexa unha obra moi cara, entonces que fomento proceda a preparar esa obra.

Sr. Alcalde: Teño que decirlle Señor Magariños que ata a veces o BNG é útil en política, e lle dou... e lle recoñezo a súa utilidade nesta cuestión; é certo que neste caso foron útiles, porque é certo que tiñamos pedido a Fomento o corte dese... a apertura dunha zanja nesa vía, que sabe vostede ademais que ao ser unha traída municipal a ten que arranxar o propio Concello, non?. E é certo que lle tiñamos feito esa solicitude ao Ministerio de Fomento, á Demarcación de Carreteras de Pontevedra, e gracias á intervención que fixo vostede nos medios, ao día seguinte o Xefe de Demarcación de Carreteras se puxo en contacto con nós para decirnos que de forma inmediata iban a remitir o escrito para que procederamos a resolver esa cuestión. Así que lle teño que recoñecer que hasta algunhas veces vostedes son útiles e fan as cousas en positivo. E, ademais, sabe vostede que ese mesmo día xa foi a brigada de obras a facer a apertura no momento que chegou a autorización de Fomento, foi a facer a apertura da zanja, a reparar a tubería, que era unha tubería de pequeno calibre e me parece que era unha tubería de 60 que da servizo a unhas vivendas nesa zona dos Bolos, e se reparou de forma inmediata e se arranxou. Non, evidentemente, non o podíamos facer sendo dominio público, dominio do Ministerio de Fomento e o que di vostede, que eu tamén me fixei hoxe, e mañán o comprobarei outra vez, pero a min me da que pensar que os problemas que hai agora son derivados do propio rego da rotonda, a rotonda ten un rego, un rego por aspersion que creo que pola situación na que esta colocada a rotonda, e o pouco perímetro que ten o bordillo, cando rega, bueno, pois se vai parte da auga, e si se fixa, está desbordando cara aos Bolos e hai unha pequena tal... Que temos que velo porque é certo que aí comparto con vostede o cen por cen, hai un serio risco, cando cheguen as épocas das xiadas, hai un serio risco de poder producirse un accidente, e esta mesma tarde eu estiven alí e me din conta desta cuestión e o veremos para intentar evitar, na medida do posible, os maiores riscos que se poidan producir aí.

Sr. Magariños Maceiras: O BNG é útil para os veciños da Estrada porque toma decisións e actúa cando ten que actuar. Como falaba o outro día cun grupo de empresarios por unha cuestión que está sen tomar decisións por parte do Partido Popular, quen é quen preside a Fundación de Exposicións e Congresos, e decía, "bueno, si o Alcalde non é capaz de tomar decisións que non se preocupe que as tomo eu si é necesario". Que deixe... non hai problema que o BNG toma decisións e o seu voceiro e único Concellal na Estrada que non ten medo ningún a tomar decisións, as que haxa que tomar eh?, e sabe vostede polo que falo.

(APLAUSOS)

Sr. Alcalde: Magariños, señor Magariños, pero é un rogo, un rogo ou unha pregunta?, porque lle quero contestar.

Sr. Magariños Maceiras: é Unha aclaración.

Sr. Alcalde: Ah! é unha aclaración!. Bueno, pois voulle contestar á súa aclaración. Mire. Quero recordarlle, porque a veces a memoria é un pouco fráxil e xoga malas pasadas, quero recordarlle que o único castigo severo ou un dos grandes castigos severos que recibiu A Estrada cando gobernou o bipartito, foi cando, non sei si se acorda de Ana Rúa, a nefasta Ana Rúa (Directora Xeral de

Comercio), que formaba parte do Padroado da Fundación coa quiescencia do señor ex Alcalde da Estrada que era, estaba na Fundación en aquel momento, tomou a decisión de... pois lanzar un castigo sin ningún tipo... sin ningún tipo de condescendencia contra á Fundación do Moble e deixalo con cero euros de subvención pública. Non sei si recorda vostede aquela polémica que houbera na Fundación, creio recordar no ano 2008, 2009, cando a Fundación do Moble levaba o recibía unha subvención da Xunta de Galicia e Xunta Bipartita, e aí teño que decir que é certo que en aquel momento o Alcalde mostraba o seu desgusto coa actitude que tomará o goberno bipartito na Xunta, pero o castigo non tuvo marcha atrás, e vostedes quixeron poñerlle o certificado de defunción á Fundación do Moble e asfixiaron economicamente á Fundación sin nin siquera un euro de subvención por parte da Xunta. Eso foi unha decisión ademais apoiada en aquel momento polo Conselleiro Blanco, en aquel momento tamén do Bloque Nacionalista Galego, Conselleiro de Industria, e lle quero recordar que si alguén apostou en aquel momento por intentar solventar a situación da Fundación do Moble foi a chegada ao goberno da Xunta de Galicia do Partido Popular, que pasou de subvención cero a 120.000 euros de subvención durante catro anos. Lle quero recordar a vostedes unha subvención que se acordou no seu momento para intentar solventar a situación financeira á que vostedes someteron a Fundación de asfixia total e absoluta. Esa subvención que se mantivo durante catro anos de forma excepcional que se xestionou ante a Conselleira de Presidencia, e eu non minto, os distintos xerentes e o padroado da Fundación están aí para acreditarlo, se mantuvo mentras que a situación da Fundación fose unha situación de estabilidade financeira, a partir de aí a Xunta de Galicia, pese a que vostedes dicen que deixa de aportar e de que deixa de apoiar a Fundación do Moble, lle teño que decir que destina 45.000 euros ao ano á Fundación, que son exactamente 45.000 euros máis dos que destinaban vostedes cando estaban no goberno, eso é a realidade das cifras e eso é a realidade da xestión. Eu podo entender e podo compartir que agora temos un problema, pero sabes canto aportaba o goberno bipartito da Estrada á Fundación do Moble cando gobernaba este Concello?, sabe canto aportaban?, 12.000 euros de aportación; sabe canto aporta o Concello da Estrada dende que goberna o Partido Popular? 18.000, asumimos un 50%. Ademais, sabe canto aportou este ano?, sabe canto aportou?, 60.000, este ano o Concello da Estrada, por primeira vez na historia.

Entonces, esos empresarios que falan con vostede, algún deles, ou outros que falan conmigo, lle dixen e lle digo publicamente que apostar pola Fundación... o sea, leccións por parte dalgúns, de apostar pola Fundación poucas, porque si alguén apostou de verdade por esa Fundación, e si alguén puxo diñeiro que había que poñer encima da mesa para salvala nos momentos máis complicados e cando vostedes a puxeron xusto ao borde da quebra, eses foi o Partido Popular e este señor, e a defenderei sempre hasta o final, fun, son e serei un firme defensor da Fundación. Outra cousa é que halla unha serie de discrepancias internas no padroado da Fundación, que por certo é donde se ten que producir ese tipo de discrepancias, que halla un debate, que halla unha serie de cuestións que ao mellor se poidan compartir ou non, e que no seo do padroado se tomen as decisións necesarias, donde lle quero recordar que o señor Alcalde da Estrada ten un voto de quince, un!, e os outros catorce votos teñen a mesma responsabilidade na xestión e no desenvolvemento do que é a normalidade organizativa da Fundación. E nesa liña estamos, e a Fundación tuvo xerentes e deixou de telos e cando gobernou o bipartito cesou a algún e nombraron a outros, e algúns tiveron máis éxito e outros tiveron menos, pero a Fundación sigue aí, porque entendo e comparto e creio que compartimos todos, que é unha institución que debe permanecer non?, e debemos de traballar na mesma dirección. Partindo desa base, na que eu creo que estamos

todos de acordo, leccións... tendo os antecedentes, porque o bo desto de estar en política é que traemos... cada un trae cola detrás, todos temos historia e todos sabemos o que fixo cada un e as... aquelas frases que si que estremecían aos que estábamos sentados naquel padroado cando viña o terrible Conselleiro de Industria, despois cesado e posteriormente imputado, ese señor Conselleiro de Industria que estivo nese padroado da Fundación, cando ese señor estivo na Fundación do Moble e decía que as Fundacións tiñan que autofinanciarse e que a política do BNG era subvención cero, esa era a realidade, esa era a realidade que existía en aquel momento nese padroado; e a señora Ana Rúa que era a Directora Xeral de Comercio e a Xefa Territorial que tamén está na executiva do Bloque Nacionalista Galego, que tamén estaba presente na Fundación, tiñan tres membros na Fundación, foron as que...

(NON SE APRECIA NO AUDIO)

Señor Dono vexo que ten moitas ganas de falar pero non utiliza... sabe, sabe vostede que pode facer uso da palabra cando estime oportuno pero pido con total... pídaa totalmente... totalmente normalidade, pido con normalidade e en función...

Sr. Dono López, Concelleiro do PSdeG-PSOE: A falar de imputados non é o máis indicado, pode usted continuar.

(APLAUSOS)

Sr. Alcalde: Señor Dono estoulle decindo, non perda vostede os papeis hombre, non se poña nervioso porque lle chamen a atención, porque sabe vostede que debe de respectar as formas nas sesións plenarias.

Sr. Dono López: ...Eu estou cansado xa, eu estou absolutamente tranquilo, porque eu vivo do meu traballo

Sr. Alcalde: Xa vexo, xa o vexo o tranquilo que está....

(NON SE APRECIA O AUDIO)

Sr. Alcalde: Xa o está demostrando perfectamente, usted tranquilo.....

(INTERVENCIÓNS QUE NON SE APRECIAN NO AUDIO)

Sr. Alcalde: Tranquilo que aquí estamos debatindo nun tono cordial, ninguén interrompeu a nadie e aunque usted provoque esa situación, eu non o vou advertir nin nada, sabe vostede o que ten que facer e como se debe de comportar, é vostede suficientemente mayor para saber... Non se poña nervioso, xa sei que chegan a unhas citas que a usted lle poñen moi nervioso pero reláxese!! porque todo chega... porque todo chega nesta vida e as cousas caen ao final polo seu propio peso. Así que usted tranquilo, póñase tranquilo, veña aos Plenos, cando queira intervenir pode pedir vostede a palabra cando queira, pode debater usted do que queira, e pode ser o protagonista do seu grupo....

(INTERVENCIÓNS QUE NON SE APRECIAN NO AUDIO)

Sr. Alcalde: Porque non fai ningún tipo... seguramente nos pode ilustrar sobre moitas cousas das que vostede coñece e non temos

ese placer e, de momento, desde que estamos aquí non falou nin unha sola vez, non exerceu o seu dereito nin unha sola vez.

(INTERVENCIONS QUE NON SE APRECIAN NO AUDIO)

Sr. Alcalde: E cando queira facer.... aprete vostede o botón e terá vostede a súa palabra.

E agora, si me permite... si me permite continuo contestándolle ao señor Magariños e decindo que, evidentemente, pois todos estamos preocupados pola Fundación, todos intentaremos arrimar... todos intentaremos arrimar o noso hombro o máximo posible para conseguir que a súa Fundación siga desempeñando o seu papel, eu creo que foi un éxito a Feira deste fin de semana e cunha importante asistencia de público e é certo que alí trasladaban que, bueno, que había que apostar pola Feira e que era unha institución que tiña un valor importante para a nosa vila e eu creo que debemos de seguir en esa liña e esperemos que das decisións que se tomen de cara ao futuro pois acertemos todo non? Pero o final eu creo que coincidirá vostede conmigo en que si alguén ten interese, e alguén debe defender e alguén debe apostar pola Fundación son os propios empresarios, as institucións temos que apoiar e os empresarios o obxecto fundacional da Fundación de Exposicións e Congresos era apoiar ao tecido produtivo, ao sector do moble, á madeira e a actividade fundacional iba no que son o recinto feiral e exposicións do moble da Estrada. Pois ese é o obxectivo e nós o que temos que facer e que sexa o máis útil posible para quen están destinados esas instalacións, que son para actividade expositiva dos propios mobleiros e dos propios empresarios estradenses non?. Nesa liña pois eu creo que aí van a atopar o apoio de tódolos grupos políticos desta corporación.

Si, ten vostede a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños Maceiras: Simplemente decir, bueno somos, xa sabemos que somos o demo pero bueno, en fin, tan malos non seremos. E outra cuestión que efectivamente todos coincidimos en que a importancia dos distintos eventos feirais que se realizan na Fundación de Exposicións e Congresos, tamén creo que todos coincidimos e que é importante que, non solo os empresarios sinon outros tipos de... vinculados ou de persoas ou de sectores vinculados á Feira, á Fundación, teñen que solucionar os problemas, pero as cousas non se poden deixar que xurdan por xeración espontánea, o Alcalde ten unha responsabilidade, e o Alcalde de todos e ao mellor terá que sentar a todos ao redor dunha mesa e poñer as pilas e que non tire cada un para o seu lado e o Alcalde a velas vir, porque pode correr un risco señor Alcalde, si un carro tira para un lado e outro carro tira por outro e vostede esta no medio, si está atado vai ter un serio problema eh?. Entón é mellor que poña tirando todos de fronte, na mesma dirección, porque si non o problema pode ser grave, non solo para o señor Alcalde que é o máis importante para todo o sector económico do noso Concello.

Pero bueno, continuando cos meus rogos, outro rogo que lle fago que me trasladan varios veciños de Ouzande, e que é un problema coa auga de rego desde que se solucionou, bueno, que se solucionou, perdón, que se reparou a vía que vai de... bueno, a vía da Deputación que vai cara á Somoza. Algún dos veciños me decía que agora a auga de rego cheira a alcantarillado e noutras zonas que se lle cortou a auga, non sei exactamente como é, que problema hai, bueno que se interese por el e que se solucione este problema.

Sr. Alcalde. Si é onde creo eu que estamos falando que é na entrada de Ouzande onde se fixeron... donde se inicia o novo tramo de eirarrúas e a continuación de beirarrúas que se fixo agora, é certo que aí houbo problemas e, desde logo... e aparte a empresa e alí a pé de obra estuvemos buscando solucións, porque había

moitísimas queixas de veciños que, bueno, se lamentaban polas inundacións, polas escorrentías que se producían nas épocas de inverno das augas que baixaban do monte e atravesaban as leiras, invadían a carretera, e invadían e atravesaban a carretera e iban ás fincas... ás fincas que teñen na parte inferior da Estrada non?. Aí se fixo un esforzo especial por facer, incluso en algúns puntos, se pode fixar vostede, unha dobre cuneta, un dobre arcén para intentar evitar esas escorrentías que se producían de vez en cando...Claro, posiblemente intentando evitar ese mal maior... ao mellor, bueno, pois alguén ten algún problema ou pudo... porque se ampliaron tamén o volume das taxeadas para que puidera pasar máis auga e os arrastres non tupiran as taxeadas, que tiñamos un problema sempre con esa cuestión, e bueno, pode provocar que ao mellor algunhas das leiras se quedasen sin rego, pero bueno é máis fácil conseguir agora que os veciños se poñan de acordo para, na época de falta de auga, que poidan ter rego, que evitar os problemas que había antes que, desde logo, bueno pois a mín alí me trasladaron os veciños que era un problema grave, entonces pode ser derivado deso e o veremos alí a ver que problemas se poden causar e que solucións pode haber.

Sr. Magariños Maceiras: E despois hai varios semáforos que están sin luz en todo o tramo da Gran Vía, nomeadamente no cruce da Avenida Benito Vigo con Castelao, que é o do paso de peatón.

Despois me trasladaban tamén estos días, eu supuxen... eu lle trasladéi que probablemente fora unha reparación no cruce de Ouzande, que estaba desmontado un dos semáforos, eu supoño que será unha reparación non creo que este así roto.

E despois tamén, no cruce da Benito Vigo con Waldo Insua o tema da... supoño que será motivada polas obras na Praza, pero non costa nada anular solo un e que os outros sigan funcionando, pero bueno, por aí son uns pasos de peatóns que... moi empregados que... moi empregados polos peóns e polos vehículos, entón para evitar problemas.

Sr. Alcalde: Si, son consciente do tema, de feito temos pedido un orzamento á empresa, bueno, ás empresas especializadas para que, bueno algún problema, en algún sitio temos problema de cableado, porque sabe que, parece ser que os roedores teñen querencia por ese tipo de cables e hai uns cables especiais que son antiroedores, que costan bastante diñeiro, temos un orzamento pedido para facer a reparación de todos esos elementos, no que está a reposición dun tramo importante de cable na Rúa Benito Vigo, xusto á altura aproximadamente da Calle Castelao, da Rúa Castelao. Temos problemas tamén con varias luminarias, temos problema de reposición dalgún báculo que tamén por algún accidente había que repoñelo non. En total, estamos falando dun orzamento de entorno a 20.000 euros que supoñerían todas esas actuacións, que vostede acaba de apuntar casi todas, e é certo que en esa liña temos os orzamentos e, bueno, pois intentaremos buscarlle o encaixe orzamentario no tempo máis pronto posible para poder resolvelo.

Sr. Magariños Maceiras: E, un último rogo, é que se proceda, mais que ao repintado ao pintado, porque neste momento non se ve absolutamente nada, ao ceda o paso que hai entre os cruces da Feira e a Rúa do Campo da Feira. E non estaría de máis que se repintaran tamén as zonas de aparcamento, sobre todo as que están na parte de arriba da Feira porque se hai vehículos que, bueno, aparcan casi na Rúa de San Antonio e a veces, bueno, polos pelos non se ten producido alí algún sinistro.

Sr. Alcalde: Moi ben señor Magariños, pois moitas gracias polos seus rogos e aportacións. Non sei si hai algunha outra cuestión?. Ten a palabra señor Espiño.

Sr. Otero Espiño, Concelleiro do PSdeG-PSOE: Vamos a ver...

Sr. Alcalde: Perdeu... perdeu as mañas señor Espiño, perdeu as mañas, antes estaba máis áxil co uso do micrófono.

Sr. Otero Espiño: Por eso. Ben , as mañas haber si non as perde vostede. O que si é certo e que, bueno, en concreto vai dirixido cara ao concelleiro de Medio Ambiente e despois lle fago unha pregunta a vostede. Por parte dos centros educativos e do profesorado, evidentemente, inténtase pois crear e concienciar aos alumnos sobre, bueno, o problema medio ambiental e, en concreto, pois sobre a recollida selectiva e de seleccionar os residuos en orixe. No noso centro se esta a levar unha campaña e o profesor responsable desta me trasladaba pois a queixa do alumnado de falta de dotacións de contedores sobre todo amarelos, precisamente para poder levar adiante esta campaña, e citaban varios lugares, entre os que lle digo os que me recordan: Parada en Pardemarín, Carbia en Veá, bueno, varios. O que pedimos e o que rogaríamos é que se revise a dotación destes colectores amarelos para que os rapaces pois poidan contribuír e concienciarse e no futuro pois facer a recollida selectiva que se demanda nesta sociedade.

E tamén outro aspecto. Recordo cando vostedes empezaron e entraron a gobernar, vai pa catro anos, tiveron unha rapidez falando da profesionalidade que dicíaa vostede dos funcionarios e dos traballadores do Concello, con moita profesionalidade pero con moita máis flexibilidade e rapidez, pois se dedicaron a retirar puntos de luz; ben, esa mesma rapidez non se está a traladar para ubicar novos puntos de luz a aquelas personas que hai máis de un ano que o solicitaron, que teñen a súa vivenda é o único punto mais próximo que teñen a súa vivenda esta aproximadamente a 150 metros, e o comuniquéi a vostede personalmente, hai unha solicitude desto e pregunto eu, cando llo pensa poñer? Na próxima lexislatura?. Home, haber si hai a mesma rapidez que para retiralo.

E home aquí saliron as fontes da, as microfuentes da rotonda de alí de abaixo, as roturas de auga, e con tanto riego e con tanto tal, a min asociáronme cas enxíbias e coas bandas animais, e pregunto: Señor Alcalde vostede nunca se lle seca a gorxa?. Nada mas Señor Alcalde.

Sr. Alcalde: Señor Espiño, sabe vostede que eu voto moito en falta a súa retranca, das parrafadas que votábamos nas sesións plenarias do mandato anterior, así que me alegro moito de que recupere vostede parte da retranca e o bo sentido do humor, que tamén é importante. Pero si, si, a veces si que se me produce, si que me produce, si que se me produce certa sequeidade pero vouna levando, a xuventude é o que ten, vai aguantando, vai aguantando moitas máis cousas que cando un vai maior. Cando un vai maior cada vez aguanta menos, aguanta menos.

Moi ben, bueno non sei si hai algunha outra cuestión, algún rogo ou algunha pregunta?. Senón, como ben saben, dentro do Reglamento de Participación Cidadá, calquera persona do público pode pedir a palabra, previa identificación co DNI, para facer de forma sucinta un rogo ou unha pregunta, si algunha persoa quere facelo ten a palabra.

Si, identifique o DNI ao compañeiro, xa llo recolle e eu lle darei o uso da palabra.

D. Manuel Ángel Rey Chao (33187194B): Boas noites.

Sr. Alcalde: Perdoe un segundiño, un segundiño que nos... si si de un en un, un segundiño que.... D. Manuel Anxo ten vostede a palabra.

D. Manuel Ángel Rey Chao: Boas noites. En relación cunha resposta dada polo señor Alcalde no Pleno celebrado no mes de novembro, quería preguntarlle señor Alcalde se se pode confiar na súa palabra, é unha pregunta amable.

Sr. Alcalde: Moi ben, rematou vostede xa a súa pregunta?. Moi ben. Pois que lle vou a decir eu?. Claro que si, de feito a pregunta que fixo vostede no mes de novembro lle teño que contestar varias cousas. En primeiro lugar, nin hai, nin houbo ningunha queixa por parte de ningún veciño desa rúa en relación ao tema do saneamento. Vostede veu aquí a decir que había varias queixas por parte do Concello, eu preguntei na Alcaldía, preguntei no servizo de obras, preguntei a algunhas persoas; si, vostede comentou aquí no seu momento de que se queixaban e non tiveran solución ao seu problema de... bueno así o trasladou aquel día ou así o entendín eu e esta aí a acta para recordalo. Eu lle dixen que non tiña coñecemento absoluto dese tema coma así é, porque nadie tiña coñecemento desa cuestión ou polo menos a min me trasladan que nadie sabía desa problemática, e o que si lle dixen foi que intentaríamos valorar ou ver cal era a problemática que había aí, de feito o responsable da Brigada de Obras estivo en dúas ocasións na zona, e o que si me trasladou é que había certo problema e así o detectei porque eu tamén me... un dos días estiven eu alí, precisamente pola tarde, e si é certo que hai certa arrastre de material, digamos de area ou terra, que a veces se acumula cando hai bastante escorrentía, bastante chuvia nesa zona, pero a min me comentan que fixeron un pequeno análise visual do que son as arquetas e os rexistros que hai na zona e non percibiron ou non detectaron que houbera ningún problema. O que me trasladan é que incluso creo que en algún momento se intentaron poñer en contacto con algunha persoa no domicilio, que non había, para preguntar si podía ser un tema da propia conexión interior da vivenda, porque nin nos consta ningún problema na rede, nin observaron in situ ningún problema, nin ademais lle consta que ningún outro veciño teña esa problemática. Entonces á conclusión a que chegan os servizos municipais é que, previsiblemente, ao mellor pode ser un problema no que é a propia conexión desa vivenda ca propia rede de saneamento.

Non sei si esa cuestión é así pero, en todo caso, o que lle trasladarei aos propios responsables do servizo é que tan pronto poidan, bueno, pois lle trasladan da forma técnica este tema que lle estou contando eu, dunha forma máis coloquial, pero que eles viron, o analizaron, e alí explicaron un pouco cal era a problemática acontecida non. Pero si quere eu lle podo trasladar a ese responsable do servizo que tan pronto poida pois se achegue e llo transmite ou llo explique ou se acerca vostede. E sabe que eu aquí xa o recibín en máis de unha ocasión e creo que non ten ningún tipo de problema en falar vostede co Alcalde da Estrada, nunca o tuvo, non sei si ao mellor, bueno, pois cree que é máis efectivo vir a facelo nos Plenos, pero creo que falou conmigo na rúa, na Alcaldía, en moitos sitios e creo que o pode facer con total cordialidade, tamén desde a cordialidade que eu lle teño e lle explico máis concretamente cando queira. Se quere mañá, ou luns, mañá estou en Pontevedra, pero o luns ou o martes veño por aquí e chamo ao Encargado de Obras, e lle explicamos perfectamente cal é a situación e, bueno, cal é a opinión que pode ter respecto a este tema.

Moitas grazas. Algunha outra cuestión?.

María José Carballo Míguez (52472326B): Si eu...

Sr. Alcalde: Ten a palabra Dona María José.

María José Carballo Míguez: Eu é referente aos emigrantes

retornados. O que se... o que se quere é que a fiscalización sea a 22.000 euros, non a 11.200 como esta agora, porque eso parece unha barbaridade, paréceme e parécelles a eles ,loxicamente, e máis que as multas non sean con carácter retroactivo como esta sendo, que eso é denigrante. Vamos, porque iban a informarse, decíanlles que non tiñan que pagar, e resulta que están pagando multa, e están pagando con carácter retroactivo e seino... meus pais son emigrantes retornados e seino por... por propia cosecha vamos.

Sr. Alcalde: Moi ben, bueno creo que xa quedou perfectamente claro cal é o posicionamento deste Concello e relación a este tema, e aquí hai unha corporación municipal expresou de forma unánime e rotunda a súa posición en contra das multas e das reclamacións que esta facendo a Facenda, e entendemos que ten que seguir no camiño, algo se avanzou desde a última vez que tratamos ese tema, algo se avanzou, non o suficiente, e sabemos que temos que seguir avanzando en esa liña e esperamos que ao final esta cuestión se vexa resolta o antes posible. Porque eu tamén sei, me consta, e son neto de emigrantes e sei a problemática que é, e a veces os problemas que ocasiona xa non solo económicos, senón tamén, de preocupacións nunha época da vida na que non deberían estar preocupándose por esas cousas, senón por outras cousas máis importantes. Así que en esa liña pois coincidimos plenamente, e creo que o compromiso desta corporación vai en esa, en esa dirección.

Ten a palabra agora, Don Miguel Ángel Docampo.

Miguel Ángel Docampo Regenjo (35423540-K): Hola, bueno, antes de nada estaba buscando algún tipo de eufemismo para no tener que decir "vaya mierda de diseño que se ha montado aquí en este Pleno", porque yo no le veo a usted y está todo cerrado cuando debía de estar un poquito más abierto, y no encuentro ese eufemismo y entonces no voy a decir "vaya mierda" porque quedaría muy feo, vale.

Primero eso, y como pregunta le diré, en primer lugar, que usted debe ser consciente perfectamente, porque supongo que lee la prensa, que el Ayuntamiento de La Estrada suspendió de una manera estrepitosa en transparencia. Entonces la pregunta que le quiero hacer es la siguiente: tomando nota e eso, usted habrá pensado algún tipo de medida, nos puede explicar seguramente que medida va a tomar, y a poder ser en que plazo podremos nosotros presumir de tener un Ayuntamiento transparente, porque sabemos que la falta de transparencia, la opacidad, es la madre de todos los males, nada más.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas gracias Don Miguel. Pois mire, eu teño que decirlle que bueno, respecto a opinión que vostede...

Miguel Ángel Docampo Regenjo Perdóname, estoy aquí, eh?. Como no nos vemos.

Sr. Alcalde: Si, Si. Respeto á opinión que acaba de formular vostede... pero bueno, ao mellor desde a distancia se poden ver os temas dunha maneira e no día a día pois a realidade cambia substancialmente non?. Eeu teño que decirlle que, a min me parece moi ben esto da transparencia e eu, desde logo, entendo que... eu sobre todo comparto que hai un mecanismo fantástico para acreditar a transparencia das administracións que é o traballo que fai as distintas oposicións, os distintos Partidos Políticos, cando teñen representación nos distintos ámbitos de... bueno, nos distintos foros democráticos non?. Falamos das sesións plenarias, falamos no Parlamento de Galicia, falamos nas Cortes Xerais, creo que unha das funcións fundamentais que se atribúe á oposición é a labor de control e fiscalización do Goberno, non?. Polo tanto eu creo que ademais de... dos propios órganos de fiscalización e control

internos, que teñen as propias administracións, nos aquí estamos fiscalizados e auditados constantemente por persoal funcionario, habilitados nacionais. A parte de eso, pois está a labor da oposición e tamén, evidentemente, está a información que os propios cidadáns poidan requirir en cada momento, non?. En esta casa, en este Concello nunca, pero non é de agora, nunca se lle limitou a capacidade a ningunha persoa que teña mostrado ou demostrado o seu interés en ver algún expediente ou ver algún tipo de tramite administrativo, e temos un problema en relación ao tema da transparencia, que é un problema importante, que é que mentras esta cuestión de poñer a disposición dos veciños a totalidade das tramitacións e dos proxectos e dos expedientes non veña acompañado dun apoio orzamentario. Vostede comprenderá que, por exemplo, pois o Concello da Estrada, que é unha institución, unha administración que ten unha carga importante de traballo, pois na actualidade temos, e o temos por sentenza xudicial ademais, e precisamente non perdida por este goberno, sinón perdida polo goberno anterior, un único informático na nosa plantilla municipal que ten a condición de laboral non?, e esa persoa pois ten que encargarse practicamente de todo o que son a xestión informática dunha administración tan pesada e tan complexa como esta, eso nos limita moitísimo a capacidade que nós temos de poder poñer a disposición nas distintas ferramentas, páxinas web, ou calquera outra ferramenta ou portal, toda a información que se xenera no día a día nun Concello, e seleccionar esa información a veces tamén é difícil non?. Pero entendo e comparto que, bueno, que esa debe de ser esa a seguramente a vía que haya que seguir de cara ao futuro, e o que temos que buscar ante todo é a transparencia aquí, e todos o que son os acordos, que son digamos a información básica que se produce en este Concello, que son os acordos de Xuntas de Goberno e de Plenos, están publicados con certa regularidade na páxina web do Concello, e calquer tipo de expediente administrativo pois esta a disposición, non?. Sería perfecto chegar a... bueno, poder ter a posibilidade de publicar e de colgar na rede pois a práctica totalidade desos procedementos pero xa lle digo, a día de hoxe e tecnicamente muy difícil e os medios son excesivamente limitados en esa materia e teremos que ir avanzando en esa dirección. Eu comparto con vostede esa análise, non lle podo dar unha data porque non teño eu a capacidade para poder dala agora neste momento, pero creo que, bueno, non sería razoable pensar en que o futuro mais próximo vai en esa dirección e o que esperamos tamén e que as administracións podamos ter os medios precisos para poder facelo e poder pois dar a maior transparencia posible nunha xestión que tamén lle digo, cada vez está máis fiscalizada, cada vez está máis controlada e, desde logo, tamén hai que poñer en valor o traballo que fan os Partidos Políticos non?. Para eso está a representación política que os cidadáns dan a cada Partido nas correspondentes eleccións municipais e, a partir de aí, pois son os propios Partidos Políticos tamén os que teñen maior capacidade para poder controlar e fiscalizar a labor de xestión dun goberno ou dunha administración. Así que non sei si fai falta que os invite pero si fai falta que os invite os invito a participar do xogo democrático e a integrarse dentro da corporación e a traballar de forma conxunta e, ademais creo que é... bueno, pois ultimamente se ven caras novas nestas sesións plenarias e eso quere decir que hai xente que cada vez ten máis ganas de escoitar e de participar, o cal é bo para a democracia para a saúde democrática do noso pobo e eu lles invito a todos a participar nese xogo democrático que lle podo garantir que é moi gratificante e van a ver as cousas desde un punto de vista totalmente distinto, estou seguro, a como as ven hoxe desde o outro lado, que a veces se ven bastante diferentes e, ademais, lle digo que é moi reconfortante tamén facelo e se sente un moi útil á sociedade a que pertence.

Non sei si hai algunha outra pregunta. Ten a palabra Dona

Ofelia Lema.

Ofelia Lema Villar (35472523Z): Boas noites. Eu señor Alcalde, sin que sirva de precedente, por unha vez estou totalmente de acordo con vostede, teño que manifestalo, todo cae polo seu propio peso, vista a súa embergadura a min non me chega o momento. Eu non lle vou a preguntar se a súa palabra é de lei ou non, teño claro que non, o que si lle volvo a preguntar esta noite, por que medio, porque o fixen de forma verbal e o fixen por escrito, teño que instar a este Ayuntamiento, a este concello, ou teño que solicitar, rogar ou suplicar, cal é o mecanismo de actuación que debo efectuar cando se volvan a producir desbordamentos na zona da miña rúa?, na que me costa que si ten informes suficientes que verifican que aconteceu, acontece e seguirá acontecendo. Llo pregunto agora, o pregunto se é preciso que espere o período electoral para que me de unha resposta efectiva ou por escrito, en todo caso, e de ser así, se sería posible que llo transmita aos mecanismos de actuación e os servicios de actuación correspondentes para evitar precisamente as confrontacións de opinión. Moitas gracias.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas gracias a vostede. Eu xa sabe que xa lle expliquei en máis dunha ocasión que este Concello non ten programado, nin ten en marcha ningunha brigada de obras de emerxencia en fora do horario laboral, temos unha, bueno, temos unha xestión, como decía o señor Magariños, eu non estou xustificando ningunha privatización de servicios, de feito si houberamos querido facelo xa o houberamos feito, temos a maioría suficiente e necesaria para facelo e, evidentemente, ese non é o noso obxectivo. O que si está claro que, bueno, entendemos que hai servicios que son tan específicos e son tan complexos que requiren da asistencia técnica de empresas que axuden a xestionar este tipo de cuestións non?. De feito, nadie se extraña que nun concello como o da Estrada a depuradora, por exemplo a EDAR, esté xestionada por unha empresa privada, nós non temos medios para xestionar un tema tan complexo como a depuración de augas non?. A nadie se lle extraña tampouco, a nadie lle extraña, pois que unha empresa como a nosa teña algunha asistencia técnica para xestionar algún servicio. Bueno, pues eu creo que no caso da auga está xustifico e no tema das brigadas tamén. Non hai esa posibilidade, e de feito cada vez que hai unha rotura pois lle podo garantir que o mecanismo de xestión dunha rotura na rede de augas ou de un problema na rede de servicio do subministro é unha chamada pedindolle por favor aos operarios municipais que se desplacen á Estrada para facer, si a rotura ou o problema é un problema urxente, a facer a correspondente reparación. Esa é a realidade, e con esa circunstancia pois temos que convivir, non temos outro remedio non?. Non é a situación adecuada ou ideal, pois evidentemente non, pero bueno, neste momento nin o Concello ten capacidade, nin a lei nolo permite, nin, dende logo, temos outro tipo de opcións mais que xestionalo desa forma. Se xubilou bastante personal de obras, de vías e obras do Concello e non houbo a posibilidade de facer, de cubrir esas plazas vacantes. Bueno, en definitiva a situación é bastante complexa non?, pero hai que xestionalo, nunca... non me queixarei nunca, porque esa é a realidade que nos toca vivir e cada un ten que xestionar a realidade que lle toca, non?. Pero en ese caso o mecanismo segue sendo o mesmo que eu lle comentei no seu momento, esto... hai... os únicos servicios que teñen cobertura, somos dos poucos concellos, tamén llo digo, dos poucos concellos de Galicia que temos o dobre servicio de cobertura de 24 horas, tanto de Policía Local como de Protección Civil ou Emerxencias, hai moi poucos concellos en Galicia que teñan duplicado ese servicio co servicio 24 horas, 365 días o ano. Son os servicios que poden atender unha chamada a ese momento ou, bueno, pois en última instancia o Alcalde ou o Concelleiro en horas

intempestivas no seu domicilio non?. Esa é a realidade e é así e, polo tanto, pois cada un dentro de esa forma de xestión intenta resolver as cousas da mellor maneira posible.

No tema da Avenida de Santiago, pois xa lle comentei ou xa comentamos en máis de unha ocasión que é unha problemática que, bueno, pois nos toca resolver tamén e teremos que... temos que buscarlle solución, practicamente temos a memoria de actuación feita e están os técnicos, dentro da medida das súas posibilidades, os técnicos municipais redactando o proxecto para facer a actuación, e eu espero que a principios de ano, no novo escenario orzamentario, pois podamos incorporar esa partida de entorno a 110.000 euros que nos vai a costar a actuación que temos que acometer na Avenida de Santiago, e espero, bueno, pois poder que, con esa actuación, tamén se finalicen e se remate a problemática que leva causando a esa zona do casco urbano durante moitísimos anos non?. Espero que esa sexa a solución definitiva e haber si somos quen de poder resolvelo, eso pola parte importante ou trancendente da súa pregunta.

Pola primeira parte de que as cousas caen polo seu propio peso eu tamén lle vou a dar un consello: Vostede agora que fala como representante política supoño que lle quedará mal como secretaria de... ou única secretaria presentada dun partido, abra...abra o seu espectro porque os veciños lle preocupan máis que o seu problema da Avenida de Santiago, teña mais altura de miras, e non falo de altura física, porque lle gusta a vostede moito falar da miña altura física, eu do físico non, procuro non entrar no físico, procuro falar da capacidade das persoas, e aumente vostede a súa capacidade de actuación, porque como representante política queda bastante mal que vostede se meta nun partido a defender exclusivamente o seu problema, que é o problema da Avenida de Santiago, que leva sufrindo dende fai 20 anos. Queda bastante máis elegante e mellor, eu é un consello que lle dou como iniciando a súa etapa no mundo político, lle dou un consello como vostede mo da a min. Amplie vostede o seu espectro, intéresese pola problemática real dos veciños da Estrada e a política, si a súa principal preocupación política é vir a preocuparse do seu, está incumplindo un dos principios fundamentais da súa formación, que era intentar cambiar a política e non vir aquí a arreglar que hai de lo mio, arreglar o meu problema e deixar o problema dos demais veciños. Aquí estamos falando dnha problemática xeral dos veciños da Estrada a nos preocupa todo, nos preocupa a Avenida de Santiago e nos preocupan todos os problemas que teñen os nosos veciños e lle aconsello que colla ese camiño porque o camiño que leva non é un camiño que lle vaia a producir moitos éxitos, llo garantizo.

Non sei si hai algunha outra pregunta. Pois si non hai ningunha máis, agradecendo a súa participación e a súa presenza levantamos a sesión moitas gracias.

Sr. Dono López: Señor alcalde, antes de levantar a sesión quería pedirlle disculpas polas miñas intervencións fora de lugar e retiro todo o que dixen.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas.

A Estrada, 18 de novembro de 2014
A SECRETARIA EN FUNCIONS,

Asdo.: M^a Jesusa Fernández Bascuas